

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E ECODESARROLLO GAIA PARA O SERVIZO DE APOIO Á AUTONOMÍA PERSOAL E INCLUSIÓN DE POBIACIÓN MIGRANTE CON ESPECIAL ATENCIÓN ÁS MULLERES, EXERCICIO 2017

Na Coruña, a 8 de novembro de 2017

REUNIDOS:

Dunha parte, dona Rocío Fraga Sáenz, concelleira delegada de Igualdade e Diversidade do Concello da Coruña, actuando en nome e representación do mesmo, segundo delegación do Alcalde-Presidente do Excmo Concello da Coruña CIF P1503000J para a sinatura deste convenio de acordó co Decreto do alcalde de data 6 de novembro, e de conformidade co que dispoñen o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; e o artigo 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E doutra parte, don Sebastián Losada Figueiras, maior de idade, provisto do DNI 32828987Y, en calidade de presidenta de ECODESARROLLO GAIA e domicilio fiscal na rúa Antonio Pereira 3, baixo, de A Coruña.

As dúas partes recoñécense entre sí a capacidade xurídica suficiente e o poder bastante para obrigarase neste convenio e, para este efecto,

EXPOÑEN:

1. A Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia establece que corresponde aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, entre outras, as competencias de creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, a colaboración no fomento dos servizos sociais especializados no ámbito local así como a promoción e coordinación dos servizos sociais.

2. Que a Lei Xeral de Subvencións, non seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran a administración local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa das beneficiarias, que a entrega esté suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, e a realización dunha actividade, debendo a beneficiaria cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceron e que o proxecto financiado teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

3. Que ECODESARROLLO GAIA é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como fins estatutarios propios os seguintes:

- A sensibilización e concienciación da opinión pública sobre asuntos relativos ao medio ambiente, a educación, a cooperación, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento de novas fórmulas de acción social dirixidas ao colectivo estranxeiro en potencial situación de exclusión social.

- A posta en práctica de accións de atención, formación, información e asesoramento a persoas estranxeiras, especificamente en temas relativos a emprego, inserción laboral, educación e integración social.
- O desenvolvemento de accións de promoción da infancia e mocidade estranxeira, relacionadas co apoio escolar e o lecer positivo e construtivo.
- A posta en práctica de accións de atención, formación, información e asesoramento ás mulleres estranxeiras, con especial incidente na divulgación da igualdade de dereitos e oportunidades, así como na denuncia da violencia sexista.
- A posta en marcha de proxectos de cooperación en países en vías de desenvolvemento e aqueles que conteñan amplas capas da súa sociedade en extrema situación de necesidade e desestruturación para que consigan un desenvolvemento ambientalmente sustentable, respectuoso e movilizador de recursos endóxenos, atendendo á perspectiva de xénero, dentro dun marco democrático, de participación das comunidades afectadas e de respecto a todos os seus dereitos humanos.
- A potenciación dos recursos humanos e materiais deses pobos, prestando unha especial atención ás novas tecnoloxías, para así reforzar a súa estrutura produtiva e favorecer o seu desenvolvemento non dependente.
- Impulsar e promover a participación social e cidadá nas accións de cooperación para o desenvolvemento, así como fomentar a educación para o desenvolvemento e a sensibilización da sociedade galega nas realidades dos pobos máis desfavorecidos, potenciando unha ética asentada en valores humanistas, de convivencia pacífica, tolerancia e igualdade entre todas as persoas.

4. Que ECODESARROLLO GAIA é unha agrupación privada que por razón da actividade non queda en relación de dependencia respecto do Concello polo que este non é responsable nin directa nin subsidiariamente dos danos, tanto materiais como persoais ou morais que, por acción ou omisión de calquera clase poidan producirse durante o desenvolvemento da actividade.

5. Que o Concello da Coruña entende que a actividade de ECODESARROLLO GAIA é de interese social para o conxunto da comunidade e, en consecuencia, o orzamento municipal para o ano 2017 recolle unha subvención de carácter nominativo a favor desta entidade por un importe de dez mil euros (10.000,00€), gasto imputable á partida 70.231.480.50 do orzamento municipal en vigor , coa finalidade de contribuir á realización das seguintes actividades: “Servizo de apoio á autonomía persoal e inclusión de poboación migrante con especial atención ás mulleres”

6. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dispón non seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións recolleitas nominativamente nos orzamentos, nos termos establecidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e non artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

7. Que podendo iniciarse o procedemento de concesión de oficio ou a petición da entidade interesada, ECODESARROLLO GAIA, a requirimento municipal, presentou en data 13.06.2017 no Rexistro a documentación necesaria para a subscripción do convenio. Á vista da documentación presentada, e dos documentos acreditativos de cumprimento dos requisitos esixidos pola Lei

38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e a Ordenanza xeral de subvencións do Área de Benestar do Concello da Coruña, a concelleira delegada de Igualdade e Diversidade mediante Resolución de data 3 de novembro de 2017 resolveu autorizar o gasto e conceder a ECODESARROLLO GAIA, unha subvención para contribuir ao financiamento das actividades por importe de dez mil euros (10.000,00€) gasto imputable á partida 70.231.480.50 do Orzamento Municipal en vigor, e subscribir un convenio de colaboración entre ambas as entidades, co fin de colaborar na consecución do fin social descrito.

Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos establecidos no art. 5 da Ordenanza xeral de subvencións por parte da ECODESARROLLO GAIA e por todo o exposto, as dúas partes acordan a firma do presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA- Obxecto da axuda e período de realización da actividade

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre o Concello da Coruña e a ECODESARROLLO GAIA, coa finalidade de contribuír á realización das seguintes actividades:” Servizo de apoio á autonomía persoal e inclusión de poboación migrante con especial atención ás mulleres”” que se desenvolverá durante o exercicio 2017.

SEGUNDA.- Obrigas do Concello

O Concello comprométese a achegar á ECODESARROLLO GAIA, a cantidade de dez mil euros (10.000,00€), con cargo á aplicación orzamentaria 70.231.480.50.

TERCEIRA.- Financiamento da actividade

A actividade financiarase coa achega municipal establecida na cláusula segunda deste convenio.

En relación co art. 32 do Regulamento da LXS enténdese que O Orzamento Xeral do Concello estableceu a achega municipal como un importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, queda a conta da beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada.

Se o custo total da actividade é inferior ao importe do financiamento público, reintegrará esta polo importe que supere o custo total da actividade, de acordo co art. 32.2 do Regulamento da LXS, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ó recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, sempre que non se supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que puidese establecer a normativa reguladora de devanditas subvencións ou axudas.

De conformidade co disposto non art. 34 do Regulamento da LXS, sendo compatible dita achega con outras subvencións, no caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto ao custo total da actividade e fosen compatibles entre elas, a

beneficiaria deberá reintegrar o exceso a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. No caso de que o Concello advirta o exceso de financiamento esixirá o reintegro polo importe total do exceso ata o límite da subvención aboada en virtude deste convenio.

A achega municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial en que se reflicta o financiamento previsto, no momento da concesión, ou déficit final da actividade, no momento da xustificación.

CUARTA.- Obrigas da beneficiaria

A entidade comprométese a que todo o persoal adicado á realización das actividades que impliquen contacto habitual con menores cumpre co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de Protección xurídica do menor, asinando a declaración responsable que está incluída no formulario de solicitude.

ECODESARROLLO GAIA comunicará por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes desde a notificación da concesión da subvención no Rexistro Xeral de Entrada do Concello calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos seus obxectivos, para a súa aprobación.

ECODESARROLLO GAIA comprométese a :

- comunicarlle ao Concello, por escrito e no prazo máximo dun mes desde que teñan coñecemento da súa concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- cumprir estrictamente as disposicións en vigor ou que se diten durante a vixencia deste convenio, incluído o convenio colectivo do sector, no que se refire ao pago de xornais mínimos por categorías profesionais, cotas da Seguridade Social, mutualismo laboral, etc. O persoal que se empreque para a realización da finalidade do proxecto subvencionado non terá ningunha relación laboral con este Concello. O Concello estará facultado para levar a cabo a inspección do cumprimento desta obrigación.
- ter ao día baixo a súa responsabilidade cantas licenzas e autorizacións de organismos competentes en materia de sanidade, traballo, educación, facenda ou calquera outros, se precisen para o desenvolvemento da actividade.
- destinar os fondos achegados polo Excmo. Concello da Coruña á finalidade contemplada, que se desenvolverá no exercicio 2017, e a presentar a documentación xustificativa da subvención, nos termos establecidos na cláusulas deste convenio.

En todas as actividades organizadas directamente pola ECODESARROLLO GAIA, e que garden relación co obxecto do presente Convenio, incluírase o Concello da Coruña como entidade patrocinadora.

QUINTA.- Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade obxecto da subvención como gastos de persoal, gastos de profesionais, subministracións e servizos efectuados por provedores, etc... En todo caso, debe acreditarse fehacientemente no correspondente xustificante de gasto que este gasto está directamente relacionado coa actividade.

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Só serán subvencionables gastos correntes realizados no período de vixencia do convenio, incluíndo os efectuados con anterioridade á súa firma. Non serán subvencionables os gastos de investimento nin os de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. E ademais, a beneficiaria non poderá contratar servizos ou subministracións con persoas ou entidades vinculadas con ela, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- Que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para acreditar os gastos da beneficiaria
- Que se obteña a previa autorización expresa do órgano concedente do seguinte modo:
 - o Solicitud por parte da interesada con carácter previo á execución da actividade ou proxecto que se subvenciona.
 - o Acordo do órgano concedente, anterior á execución da actividade ou proxecto que se subvenciona que estipule terceiro/s co que se contratará e o/os servizos/s que se recibe/n.

Poderase subcontratar ata o 100% da actividade subvencionada. Porén, o réxime de subcontratación suxeitarase ao seguintes límites:

- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas e nos supostos previstos nos apartados a), b),c) e e) do artigo 29.7 da LXS, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.
- No caso de subcontratacións con entidades que non sexa con entidades vinculadas, para supostos distintos do apartado anterior e a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitiranse coma gasto subvencionable só ata o 100% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente coa subcontratación o custe da actividade subvencionada agás que este incremento supoña un valor engadido a actividade

que deberá ser acreditado. No caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e exceda de 60.000,00 euros é preciso que se autorice o gasto previamente polo órgano concedente da subvención e que se formalice por escrito.

- No caso de subcontratacións con entidades vinculadas, deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes e ser obxecto a subcontratación de autorización polo órgano concedente da subvención e sempre que o importe subvencionable non exceda do custo incurrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase no momento da xustificación nos mesmos termos establecidos para acreditar os gastos da beneficiaria.

Non obstante o sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña unha porcentaxe significativa do conxunto do gasto, avaliarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por non cumprir o fin para o que se concedeu a subvención.

En relación cos gastos indirectos ou gastos xerais da entidade serán subvencionables en función dos seguintes criterios:

- a) No caso de que se financien actividades xerais da entidade, serán subvencionables ao 100% e debe xustificarse o gasto co correspondente xustificante e a acreditación do seu pagamento efectivo, nos termos establecidos no presente convenio.
- b) No caso de que se financien actividades ou proxectos concretos da entidade, poderase imputar á conta xustificativa, gastos xerais da entidade ata un 20% do orzamento da actividade presentado coa solicitude, ou do gasto executado se é menor, acreditándoos cos correspondentes xustificantes de gasto e de pagamento efectivo. Con todo, a entidade poderá optar por imputar como gastos xerais ata un 10% do importe do gasto executado sen necesidade de presentar ningún xustificante. Neste caso non se poderán imputar na conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral salvo que se acredite fehacientemente nos xustificantes de gastos de que se trata dun gasto directo e necesario para o desenvolvemento da actividade. En ningún caso caberá combinar ambas as posibilidades.
- c) Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos, sendo subvencionables so no caso de que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a súa adecuada preparación ou execución.

SEXTA.- Aboamento da subvención

Con carácter xeral, o recoñecemento da obriga a favor da beneficiaria e o pagamento da achega realizaranse tras presentar e aprobar a xustificación, nos termos establecidos neste convenio. Ditarase resolución declaratoria da perda de dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no art. 37 LXS.

Tamén poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, a entidade beneficiaria deberá solicitalo expresamente e deberá constituír unha garantía do 2% do importe total da subvención, que se realizará retendo o pagamento do Concello nesa porcentaxe, xa sexa sobre o primeiro pagamento anticipado ou sobre

varios ata alcanzar esta contía. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, devolverase a cantidade retida en concepto de garantía.

Non poderá pagarse a subvención á beneficiaria en tanto non se ache ao corente ao cumprir as súas obrigas tributarias co Concello e a Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

SÉTIMA.- Xustificación

Finalizada a actividade, ou ben cando a entidade realizase gastos por importe igual ou superior ao orzamento presentado e, en todo caso, antes de que transcorran **dous meses** desde a finalización da vixencia do convenio, a entidade ECODESARROLLO GAIA deberá presentar a seguinte documentación no Rexistro Xeral, para os efectos de xustificación:

- Impreso de presentación de solicitude de xustificación. Xustificación de desviacións do balance con respecto ao orzamento inicial se procede, para comprobar a medida en que se axustou o balance ao orzamento inicial presentado. Neste sentido o importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e en ningún caso poderá ser superior ao seu déficit. No caso de que existan desviacións á baixa entre o balance e o orzamento inicial presentado, resolverase o reintegro da achega municipal unicamente polo importe que pase o custo total da actividade.
- Certificado da persoa que exerza a Secretaría da entidade, co visto e praxe da presidencia, en que se desagregue por tipo de gasto, o importe total dos gastos xerais da entidade, no caso de que se imputen gastos xerais ou indirectos a unha actividade concreta e certificación acerca das subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade subvencionada con independencia do seu reflexo no balance.
- Memoria que acredite que a actividade foi realizada e grao no que se cumpran os obxectivos. A beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria inicial presentada (anexo 1).
- Balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade subvencionada de maneira que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial presentado, incluíndo as desviacións orzamentarias (anexo 2).
- Relación clasificada e detallada dos gastos da actividade con indicación do acredor, NIF, núm. documento xustificativo, data de emisión, importe, concepto e data de pago.
- Xustificarase preferentemente con facturas aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas e os documentos xustificativos de valor equivalente deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento. No caso de presentar fotocopias para dar cumprimento ao Art. 73 do Regulamento de LXS, antes de facer a fotocopia deberá estenderse no orixinal da factura unha dilixencia na que se faga constar que a factura foi utilizada como xustificante de gasto para a obtención dunha subvención do Concello da Coruña, dos gastos realizados no exercicio da actividade. No caso de facturas emitidas por persoas físicas por servizos profesionais a entidade beneficiaria vén obrigada á retención do (IRPF), nos límites e excepcións que establece a Lei e Regulamento do imposto ou no seu caso, debendo acreditarse o ingreso na Axencia Tributaria cos modelos 111 e 190.

- No caso de que a subvención outorgada teña destino ao pago de persoas físicas que presten servizos retribuídos, pago de premios ou pago de axudas de custo, a entidade beneficiaria vén obrigada á retención do (IRPF), nos límites e excepcións que establece a Lei e Regulamento do imposto ou no seu caso, disposicións regulamentarias en vigor, debendo acreditarse o ingreso na Axencia Tributaria cos modelos 111 e 190
- No caso de imputarse gastos de persoal: (nóminas) será obligatoria a presentación dos documentos RLC (Relación de Liquidación de Cotizacións) e RNT (Relación Nominal de traballadores) –antigos TC1 e TC2-debidamente validados. O RLC deberá estar selado pola oficina recadadora e/ou ir acompañado de xustificante bancario, aínda no caso de que non se imputen custos de Seguridade Social. O modelo RNT deberá ir asinado pola persoa autorizada en caso de confeccionarse telematicamente polo Sistema REDE. Deberá presentarse do modelo 111 (declaración trimestral) e do modelo 190 (resumo anual) acreditativo do ingreso na Axencia Tributaria (AEAT) das retencións practicadas ás persoas traballadoras suxeitas ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).
- Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei Xeral de Subvencións debe solicitar o beneficiario cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 50.000,00 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 18.000,00 euros no caso de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos.
- Acreditación do pago efectivo de cada un dos gastos. So se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación

Admitiranse pagos en efectivo por importes de ata 500,00 euros. No caso de que o pago dun servizo estea fraccionado en varios pagos, o límite de 500,00 euros entenderase para o conxunto dos pagos correspondentes ao servizo, deberá achegarse recibo no que conste que ao emisor foille satisfeito o importe, con identificación da factura á que corresponde ou ben que no propio xustificante de gasto o emisor do mesmo acredite responsablemente con un NIF e unha sinatura que recibiu o importe e a data na que o recibiu.

En consecuencia, para acreditar a realización do pago de gastos superiores á devandita cantidade o sistema será a transferencia bancaria ou a domiciliación bancaria dos gastos, debendo acompañarse á factura o xustificante de pago bancario (cartilla, extracto bancario, debo ou movemento bancario). Se o pago se realiza mediante talón ou cheque deberá achegarse ademais fotocopia do mesmo, e igualmente extracto ou movemento bancario, que acredite que o destinatario fixo efectivo o mesmo.

Todos os pagos relacionados ca finalidade de este convenio estimase aconsellable que se realicen, preferentemente dende unha única conta bancaria da entidade, non podendo subvencionarse pagos realizados con cargo a contas cuxo titular non sexa a entidade.

Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto, coa cesión de crédito do dereito de cobro da subvención a favor dos acredores por razón do gasto realizado ou coa entrega aos mesmos dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

O Concello resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, o beneficiario quedará obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

OITAVA.- Reintegro

Reintegraranse as cantidades percibidas e esixírase o interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

- Obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impediron.
- Non cumprir total ou parcialmente o obxectivo, a actividade, o proxecto ou non adoptar o comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- Incumprir a obriga de xustificar ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos neste Convenio.
- Incumprir a obriga de adoptar as medidas de difusión contidas na cláusula terceira deste Convenio.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 LXS, así como incumprir as obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administracións ou entes públicos o privados, nacionais, da Unión Europea o de organismos internacionais.
- En caso da concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administracións ou entes públicos, nacionais, da Unión Europea o de organismos internacionais, cando o importe do financiamento público supere o custo da actividade, no importe do exceso producido.
- En caso de xustificar fora do prazo sinalado na cláusula sexta, e tralo requirimento efectuado segundo o sinalado no artigo 70.3 do regulamento da LXS.
- E os demais supostos previstos na LXS e na Ordenanza Xeral da Área de Benestar

NOVENA.- Vixencia do convenio

A vixencia deste convenio será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2017.

DÉCIMA.- Causas de resolución do convenio

Será causa de resolución do presente convenio o mutuo acordo entre as partes, así como a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas mediante preaviso comunicado de forma fehaciente no prazo dun mes desde que aquel fose detectado.

UNDÉCIMA.- Responsabilidade

ECODESARROLLO GAIA queda sometida á responsabilidade e réxime sancionador establecido no art. 40 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora de facendas locais.

DUODÉCIMA.- Natureza

Igualdade e Diversidade

 237/2017/30  23711I00BM

Este convenio ten carácter administrativo e rexerese polas normas que serviron de base á concesión da subvención e polo establecido na lexislación vixente na materia.

As posibles cuestións litixiosas ou controversias a que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Ambas as partes sométense expresamente á xurisdición dos tribunais desta capital, para o que a entidade ECODESARROLLO GAIA renuncia expresamente ao foro do seu propio xuíz e domicilio.

No disposto neste convenio, será de aplicación a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e o seu regulamento; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e a Ordenanza xeral de subvencións do Área de Benestar do Concello da Coruña.

En proba de conformidade, asinamos este convenio, en exemplar duplicado e para un só efecto, non lugar e na data que figura no encabezamento.

Concellaría de Igualdade e Diversidade

O presidente

Rocío Fraga Sáenz

Sebastián Losada Figueiras